# fagamos da RISGA un VERDADEIRO DEREITO



# Fagamos da **RISGA** un **VERDADEIRO DEREITO**

## [1] DEREITO CIDADÁ

A falta de recursos económicos derivada do desigual acceso á riqueza está a converternos nunha sociedade estruturalmente empobrecida. Esiximos un dereito que dignifique á persoa, fronte a vixente axuda graciable que pon o foco nas empobrecidas mentres segue a consolidar as estruturas que fan medrar a desigualdade e a inxustiza.

## [2] INDIVIDUALIZADA E RESPECTUOSA

Esiximos un dereito individual, fronte ao modelo actual que segue a situar á familia como responsable de cubrir as necesidades básicas das persoas. Alén disto a nova renda debe ser respectuosa co proxecto de vida escollido polas persoas. Evitando dinámicas de control innecesario na vida das persoas.

## [3] SUFICIENTE E DIGNA

Non é posible cubrir as necesidades básicas (alimentación, vivenda, luz, auga, gas...) de forma suficiente e digna coa contía actual: 403'38 €/mes. Defendemos a eliminación do IPREM como indicador de referencia, á vez que propoñemos o Salario Mínimo Interprofesional como novo valor para o cálculo, o que suporía duplicar a actual contía.

## [4] ACCESIBLE E EFICAZ

Esiximos un modelo de tramitación eficiente e áxil, sen burocratizacións innecesarias. Sendo o prazo máximo de resolución dun mes. En canto que as situacións e realidades que atende son de emerxencia..




*As organizacións asinantes do acordo son:*
Foro Galego de Inmigración, Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, Asociación ONG Viraventos, Proserso, SOS Galicia, Oficina Dereitos Sociais - Coia, Asociación Boa Vida, Asociación Plataforma polo Emprego, Baladre (Coordinación contra o paro, o empobrecemento e a exclusión social), Colectivo de Renda Básica Universal de Compostela, Coordenadora de Crentes Galegos, Esquerda Unida, BNG, PSdeG-PSOE, Compostela Aberta, En Marea e CUT.